



Camiño do Enxerto nº 6, San Pedro  
36949 Cangas de Morrazo, Pontevedra  
Tel.: 611646001 e-mail: nos@asociacionvecinalnos.es  
Web: WWW.asociacionvecinalnos.es

## ASOCIACIÓN DE VECIÑAL DE NÓS

### Regulamento de réxime interno

#### Capítulo I.- Da Asociación en Xeral

Artigo 1. A Asociación Veciñal NÓS, constituída ao abeiro da lexislación vixente, rexerese polos Estatutos da Asociación, polo presente Regulamento de Réxime Interno e por todas aquelas normas establecidas pola normativa que resulte de aplicación en Lei.

Artigo 2. Este Regulamento desenvolve os contidos expresados nos Estatutos da Asociación e en ningún caso poderá ir en contra da filosofía e artigos dos citados Estatutos.

Artigo 3. O domicilio social está situado no Camiño do Enxerto nº 6, Cangas de Morrazo (Pontevedra). A Xunta Directiva, se é o caso, poderá adoptar as modificacións que considere oportunas no cambio de domicilio da Asociación, dando a correspondente notificación ás autoridades competentes e aos membros da entidade.

Artigo 4. Establécese que o anagrama da Asociación será: Asociación Veciñal en letras de cores de vermello a violeta e debaixo de NÓS en cores verde-azul-violeta. Os socios poderán utilizar os devanditos distintivos na súa roupa, sempre co decoro adecuado.



#### Capítulo II.- Dos asociados

Artigo 5. Poderán ingresar na Asociación todas as persoas de calquera sexo, maiores de idade, con capacidade de obrar, que desexen colaborar cos seus fins e teñan a súa residencia habitual na zona sinalada no anexo I, e segundo o estipulado no artigo 7 dos Estatutos e no presente Regulamento.

Artigo 6. A solicitude de admisión deberá ser tratada en reunión da Xunta Directiva, que deberá verificar a solicitude, especificando en acta informe positivo ou negativo. No caso de dar un informe negativo, deberá especificar as causas e darlle ao solicitante un prazo de dez días para reparar as causas de rexeitamento da súa entrada.

Artigo 7. A Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral un informe anual sobre as altas e baixas de socios producidas no dito período.

### Capítulo III.- Dereitos e deberes

Artigo 8. As persoas asociadas terán na Asociación os seguintes dereitos:

- Exercer o dereito a voto.
- Participar libremente nas Asembleas con voz e voto, podendo delegar o seu voto nunha persoa asociada.
- Elixir e ser elixido.
- Participar nos Órganos de Goberno e de Representación.
- Participar en todas as actividades da Asociación.
- Impugnar os acordos dos Órganos da Asociación que considere contrarios á Lei ou aos Estatutos.
- Ser informado sobre a composición dos Órganos de Goberno e de Representación da Asociación, o seu estado de contas e o desenvolvemento das súas actividades.
- Solicitar, mediante solicitude motivada, o acceso á documentación interna da Asociación.
- Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que orixinan tales medidas, e deberá motivarse o acordo que, se é o caso, impoña a sanción.
- Coñecer os Estatutos e este Regulamento dende a súa aprobación ou entrada na Asociación.

Artigo 9. Os socios terán as seguintes obrigas:

- Compartir os fins da Asociación e colaborar para conseguilos.
- Aboar en prazo as cotas e derramas, que de acordo cos Estatutos, lles poidan corresponder.
- Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno e Representación da Asociación.
- Cumprir co resto de obrigas derivadas das disposicións estatutarias e dos convenios sociais.
- Calquera outra resultante da aplicación dos Estatutos, acordos da Asemblea, Xunta Directiva e demais disposicións vixentes.
- Desempeñar os cargos para os que foron elixidos e posteriormente aceptados.

- Cooperar no desenvolvemento do traballo da Asociación e na boa execución das actividades que se determinen.
- Realizar as funcións que lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva para o bo funcionamento da Asociación.

Artigo 10. Os socios poderán solicitar a súa baixa voluntaria da Asociación en calquera momento. Esta solicitude deberá realizarse por escrito e deberá ser tratada en reunión da Xunta Directiva, que acordará a retirada sen máis trámites.

#### Capítulo IV.- Perda da calidade de asociado

Artigo 11. Os socios poderán ser dados de baixa da Asociación por calquera das seguintes causas:

- Cando se produza un incumprimento grave dos Estatutos e do presente Regulamento, a criterio da Xunta Directiva.
- Cando o socio impida ou prexudique deliberadamente os intereses e o cumprimento dos fins da Asociación.
- Cando a súa conduta vaia en contra dos principios sociais ou prexudique gravemente a imaxe da Asociación.
- Por ter un comportamento sexista, racista, homófobo, xenófobo, xerontófobo ou calquera outro antidemocrático ou antisocial.
- Por non facer efectivas as cotas ou derramas.
- Cando cambie de domicilio fóra da demarcación territorial da Asociación.

Artigo 12. En todo caso, os expedientes de expulsión deberán ser tratados por unha Comisión de Conflito creada para o efecto, que estará integrada por dous membros da Xunta Directiva, a presidencia da Asociación e dúas asociadas/os elixidos por sorteo, un deles actuando como instrutor, e garantindo a audiencia ao interesado.

A Asemblea Xeral será a encargada de ratificar ou denegar o informe realizado pola Comisión, sendo necesario en todo caso o apoio de dous terzos dos membros presentes para que se aprobe a proposta de expulsión.

A Comisión de Conflitos disolverase unha vez emitido o seu informe.

#### Capítulo V.- Da Xunta Directiva

Artigo 13. A Xunta Directiva reunirse cantas veces o convoque quen ostente a presidencia, ante a súa ausencia a Vicepresidencia ou o solicite a metade dos seus compoñentes.

Artigo 14. Quen ostente a presidencia da Xunta Directiva, en uso das súas facultades, poderá propoñer a separación das súas funcións a calquera dos seus

membros e a súa substitución, sometendo ao acordo da Xunta Directiva, polas seguintes causas:

- Por pertencer a outra Asociación Veciñal.
- Que resulten elixidos como cargos en eleccións por algunha opción política e ocupen cargos políticos ou relixiosos.
- Por resolución xudicial.
- Por dimisión.
- Por perda da condición de membro da asociación.
- Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade segundo o disposto no ordenamento xurídico.
- Por falta de interese ou negligencia nalgunha das súas funcións.
- Por acordo adoptado polos trámites estatutarios, en calquera momento pola Asemblea Xeral.

As vacantes de quéns ostenten:

A presidencia, será substituída pola persoa que ostente a vicepresidencia, dito cambio será comunicado aos Organismos competentes.

- Da vicepresidencia, da secretaria ou da tesourería, será substituídas por calquera outro vocal da Xunta Directiva ou por outra persoa asociada.
- Dos vocais, de ser necesarios para respectar o número mínimo establecido nos estatutos, poderá ser substituídos por outra persoa asociada.

Todas estas substitucións serán provisionais, ata a finalización do mandato da Xunta Directiva, sen prexuízo do uso das súas competencias, deberase expoñer ante a Asemblea as causas que motivaron a ditos cambios, sometidos a votación e aprobados por dos terzos 2/3 dos asistentes.

Artigo 15. Para que haxa quórum nas reunións da Xunta Directiva deberán asistir a metade máis un, dos seus membros. A Xunta Directiva quedará validamente constituída no prazo de media hora desde a súa convocatoria coa asistencia dun terzo dos seus membros, sempre que entre eles figuren quéns ostenten a presidencia ou a vicepresidencia.

Artigo 16. A Xunta Directiva poderá incorporar, por necesidades da Asociación, novos socios ás tarefas da mesma, traballando estes con carácter interino ata que sexan ratificados pola Asemblea Xeral.

## Capítulo V.- Das Asembleas Xerais

Artigo 17. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria coa presenza dun terzo dos socios como porcentaxe mínima de quórum; poderá realizarse en segunda convocatoria independentemente do número de asistentes, os membros presentes e a Xunta Directiva, poderán optar por realizar esta segunda convocatoria vinte (20) minutos despois da primeira, ou

ben acordar desconvocala, e convocala nos quince días posteriores, facéndoo público no acto.

Artigo 18. O dereito de palabra e voto na Asemblea está condicionado a ter aboado as cotas correspondentes.

Artigo 19. A Asemblea Xeral será moderada por quen ostente a presidencia ou por quen esta designe, que se encargará da orde da reunión.

O moderador terá as seguintes funcións:

- Dar o peche de palabras solicitadas sobre un tema.
- Someter a votación os puntos da orde do día.
- Aprazar a reunión, dividila en comisións ou dar descansos.
- Interpretar os Estatutos e este Regulamento e resolver todas as dúbidas normativas.

Se a discusión é sobre unha decisión do moderador, a Asemblea Xeral decidirá por maioría simple a decisión final.

A confianza poderá ser retirada ao moderador, por cuestión de orde de algún dos asociados que terá que ser secundada pola maioría dos asistentes.

Artigo 20. A orde do día faise pola presidencia, tendo en conta a Xunta Directiva e as solicitudes dos socios. A convocatoria e a orde do día enviaranse a todos as persoas asociadas, nos sete (7) días antes da celebración da Asemblea, que será publicada por correo electrónico, WhatsApp, nos taboleiros de anuncios da Asociación, ou por calquera outro medio como exposición, páxina web da Asociación ou redes sociais se as houbese.

En todo caso, esta deberá ser ratificada pola Asemblea ao inicio da mesma.

Artigo 21. Os acordos que se presenten á Asemblea deberán presentarse cunha antelación de 10 días. As resolucións deberán ser presentadas por unha persoa asociada que actuará como propoñente e deberán ser secundadas por outras persoas. As que presente a Xunta Directiva non precisarán deste requisito.

Artigo 22. As modificacións que os socios presenten ás resolucións non deberán supoñer en ningún caso a denegación directa da resolución presentada. A modificación incorporarse ao texto se o propoñente a acepta.

Artigo 23. Só ten dereito a contestar ao remate do debate o que propugna unha resolución.

Artigo 24. O tempo máximo de exposición durante a Asemblea será de cinco minutos, agás a presentación de informes por parte da Xunta Directiva e aqueles temas de interese, a criterio do moderador.

Artigo 25. O procedemento de votación consistirá en votar en primeiro lugar a modificación máis avanzada da resolución e en último lugar o texto completo.

Artigo 26. Durante a Asemblea, poderán presentarse cuestións de orde que poidan ser solicitadas polos asistentes con dereito a voto e que terán prioridade sobre o que se trate, salvo durante a votación, salvo que dita orde se refira ao votación actual. As cuestións de orde referiranse aos seguintes temas:

- Ao funcionamento da Asemblea ou ao debate e non ao tema que se está a debater.
- Revisión da decisión dun moderador.
- Moción de censura contra o moderador, que deberá ser secundada por dous terzos (2/3) dos membros presentes.

Artigo 27. As preguntas de información son aquelas que serven para aclarar, solicitar información concreta ou explicar un punto e serán escoitadas a criterio do moderador.

Artigo 28. Todos os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, cando os votos afirmativos superen os negativos.

Artigo 29 O recuento de votos nas sesións da Asemblea Xeral poderá realizarse á vista, a través de calquera signo externo, ou mediante o sistema de votación secreta, con papeleta, cando así o considere a presidencia, e o dez por cento dos votos solicitados, as persoas asociadas presentes ou representadas, e sempre que a cuestión a decidir afecte ás persoas asociadas.

Artigo 30. Requirirase maioría cualificada dous terzos (2/3) para os acordos relativos á Disolución da Asociación, Modificación dos Estatutos, disposición ou alleamento de bens e os de retribución aos representantes que formen parte dos Órganos de Goberno da Asociación.

Artigo 31. De tódalas Asembleas redactarase unha Acta, que terá carácter executivo cando sexa asinada por quéns ostenten a presidencia e a secretaría.

Artigo 32. En caso de eleccións para cargos, poderá asistir a elas calquera persoa asociada con dereito a voto, que estea ao día das cotas establecidas e que teña un mínimo de dous anos consecutivos como asociado en activo.

Artigo 33. Os libros de actas, de contabilidade e de persoas asociadas, se realizarán en formato electrónico.

## Capítulo VI.- Do proceso electoral

Artigo 34. Para tal efecto, constituirase unha Xunta Electoral, integrada polo vogal de maior idade e os dous de menor idade, un dos cales actuará como secretario da Xunta. En todo caso, os membros da Xunta Electoral non poderán ostentar a ningún cargo. A Mesa Electoral realizará o recuento e levantará a acta do proceso, incorporándoa á acta da Asemblea.

Artigo 35. Os candidatos a cargos poderán presentar un programa electoral, garantindo un tempo de exposición suficiente para cada un dos programas.

Artigo 36. A votación será secreta e realizarase nas papeletas facilitadas pola Mesa Electoral.

Artigo 37. As candidaturas serán abertas en cada cargo, sendo elixidos os que obteñan a maioría absoluta de votos na primeira votación e a maioría simple na segunda. Se houberse máis de dous candidatos para un cargo e ningún obteña a maioría absoluta na primeira votación, asistirán á segunda votación os dous candidatos ao cargo que máis votos obtivesen.

Artigo 38. En caso de disolución voluntaria, a Xunta Directiva designará de entre os seus membros tres liquidadores, que procederán á liquidación da Asociación, correspondentes a estes liquidadores:

- Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- Pechar as operacións pendentes e realizar as novas que sexan necesarias para a liquidación.
- Recoller todos os créditos que existan a favor da Asociación.
- Pagar aos acredores que poidan existir. Se non houberse suficiente para pagar as débedas, estas satisfaranse segundo a prelación das leis e cubriranse proporcionalmente ao importe das débedas.

## Capítulo VII.- Modificación dos Estatutos

Artigo 39. A modificación dos Estatutos ou deste Regulamento poderá realizarse por iniciativa da Xunta Directiva ou dun terzo (1/3) dos asociados.

Artigo 40. En todo caso, para que a modificación teña efectos, será necesario o voto favorable dos dous terzos (2/3) dos asociados presentes na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o efecto.

Artigo 41. A Xunta Directiva procederá a establecer un prazo de modificación do texto, que deberá remitirse á Secretaría cunha antelación de 10 días e difundirse a todos as persoas asociadas dentro dos sete (7) días seguintes á convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 42. No caso de Reforma dos Estatutos, as modificacións deberán remitirse de inmediato ou nun prazo máximo de dez (10) días ao Rexistro de Asociacións para que se proceda á modificación oportuna. Só producirá efectos tanto para os asociados como para terceiros, desde a súa inscrición efectiva.

Artigo 43. Unha vez reformados os Estatutos ou o presente Regulamento, se é o caso, a Xunta Directiva deberá facilitar aos colexiados os textos reformados, con prevalencia de usos telemáticos.

## Capítulo VIII.- Da disolución


Artigo 44. Os activos líquidos resultantes, se é o caso, unha vez realizados os cobros e pagamentos, serán doados a unha entidade benéfica previamente acordada pola Asemblea Xeral. Unha vez concluído o procedemento de disolución e liquidación, solicitarase a cancelación dos correspondentes asentos no Rexistro de Asociacións.

### ANEXO I

Ámbito: Avda. da Coruña, Avda. das Flores, Avda. de Lugo, Avda. de Vigo, Camiño a Rocha, Camiño Cima de Vila, Camiño da Area, Camiño da Choupana, Camiño de Ximeu, Camiño do Enxerto, Camiño do Souto, Camiño Real, Rúa Alcalde A. Echevarri, Rúa Alcalde Pancho Eiroa, Rúa Capellán, Rúa Castro de Darbo, Rúa Cela, Rúa Cruz de Castro, Rúa da Granxa de Ximeu, Rúa da Porteliña, Rúa da Serra Nacente de Abaixo, Rúa da Serra Nacente, Rúa da Torre, Rúa das Andías, Rúa das Xegadas, Rúa das Xestas, Rúa de Poio, Rúa do Castelo, Rúa dos Castiñeiros, Rúa dos Cativos, Rúa Ensinanza, Rúa Escote, Rúa Herbello a Magdalena, Rúa Lisboa, Rúa Loureiro, Rúa Monte Carrasco, Rúa Palomar, Rúa Paraíso, Rúa Ramal do Paraíso, Rúa Regueira, Rúa Rochido e Rúa San Pedro.

En Cangas

A PRESIDENCIA Asinado:



A SECRETARÍA Asinado:



Asociación Veciñal  
**NOS**